



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña, La
Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓN ALEGACIÓN APROBACIÓN DO LISTADO DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA O PROCESO SELECTIVO DE FUNCIONARIO/A DE ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, AXENTE DE IGUALDADE, CON NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E DATA DE EXAME

EXPEDIENTE: 2023/G003/000071

ANTECEDENTES:

Aprobadas por decreto do alcalde as bases que rexerán o proceso selectivo polo sistema de oposición-libre para poder seleccionar a unha persoa que será contratada como axente de igualdade, na modalidade de persoal funcionario de carreira;

Publicadas as ditas bases e o seu anuncio no BOP A Coruña, BOE e DOG.

De acordo coas bases, publicada a lista provisional de admitidos e excluídos, así como o nomeamento de Tribunal e establecemento da data e lugar do primeiro exame, na páxina web <https://concellocorios.com> e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Coiros, o día 11 de abril de 2023. Por outro lado, o día seguinte, 12 de abril de 2023 foron informados todos os aspirantes telefónicamente da publicación para mellor coñecemento das publicacións.

Tendo presentadas alegacións a aspirante dona Amara Pérez Dávila, nas que solicita que se lle recoñeza o mínimo de experiencia para ser admitida e presenta documentación para xustificar dita petición

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- No acceder ao solicitado por dona Amara Pérez Dávila de que se lle recoñeza o mínimo de experiencia para ser admitida, polos seguintes motivos:

- A documentación presentada da empresa Eduvia. Xestión, Cultura e Lecer, de 14 de xullo de 2021, non se trata de ningún certificado se non dun informe, no que, ademais, non se especifican horas.

- O documento da F.O.A.N.P.A.S., de data 13 de abril de 2023, aparte de ser de data posterior á finalización do prazo de presentación de instancias, non especifica horas nin días.

- O documento do Concello de Mondariz Balneario, non se trata de ningún certificado, se non dun informe, polo que non ten validez probatoria, ademais de non especificar as horas adicadas á actividade.

- O documento da Deputación de Pontevedra, trátase doutro informe, polo que non pode ser tido en conta, tampouco.

- Unha vez visto o anterior, dona Amara Pérez Dávila, ten xustificado: por un lado, unha



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña, La
Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

experiencia de 6 meses e 18 días no Concello das Pontes de García Rodríguez.; e por outro ten acreditados a través de varios documentos a experiencia de trescentas setenta e unha horas, que tendo en conta a xornada semanal na administración de 37 horas e media, resulta que a interesada non chega a consolidar dez semanas completas de experiencia, polo que non chegaría para alcanzar os doce meses de experiencia esixidos para ser admitida.

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas,

DNI	NOME	ESTADO	MOTIVOS
***6567**	CAROLINA MORALES MORALES	EXCLUÍDA	1.-
***1705**	AMARA PÉREZ DÁVILA	EXCLUÍDA	1.-
***9162**	MARIA MÉNDEZ PÉREZ DE ARÉVALO	EXCLUÍDA	2.-, 3.- e 4.-
***7455**	ANA MARIA CABAILEIRO GARCÍA	EXCLUÍDA	1.-
***6487**	PILAR ALARZA BERMÚDEZ	ADMITIDA	
***9872**	MARIA BELÉN SANJURJO RODRÍGUEZ	ADMITIDA	
***5794**	TATIANA PALMEIRO OJEROS	EXCLUÍDA	1.-, 3.- e 4.-

* Motivos de exclusión:

- 1.- Incumprimento do apartado d) da Base 3. REQUISITOS.
- 2.- Incumprimento do apartado i) da Base 3. REQUISITOS e Base 4.2.
- 3.- Incumprimento da presentación de instancia que teña o contido mínimo establecido no modelo II (Base 4.1 Modelo de solicitude).
- 4.- Incumprimento da presentación do anexo III cuberto (Base 4.1. parágrafo último.)

TERCEIRO: Ratificar o nomeamento do Tribunal cualificador que valorará os exercicios de que constan a oposición, e realizará o proceso de concurso oposición, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidencia: D. Antonio Gómez-Iglesias Casal, secretario-interventor do Concello de Coirós.
Suplente de Presidencia: D. Jorge Eduardo Rodríguez Fernández, secretario interventor do Concello de Paderne.

Secretaría: D^a. Begoña Riveira Barros, técnica do Concello de Coirós.
Suplente de Secretaría: D^a. Paula Boado Presas, funcionaria do Concello de Coirós.

Vogal 1: D^a. Ana M^a Ocampo Pérez-Gorostiaga, secretaria- interventora do Concello de Aranga.
Suplente de Vogal 1: D. Baldomero Beceiro Alonso, secretario-interventor do concello de Monfero.

Vogal 2: D. José Carmelo Sánchez Presedo, secretario interventor do Concello de Oza Cesuras



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,

CP: 15316

Concello: Coiros, A Coruña, La
Coruña

Teléfono: 981 79 64 14

Suplente de Vogal 2: D. Daniel Pereiro Cachaza, asesor xurídico do Concello de Betanzos.

Vogal 3: D. José Manuel Rodríguez Costa, ADEL do Concello de Abegondo.

Suplente de Vogal 3: D^a. María Beatriz Fernández Vázquez, funcionaria do Concello de Abegondo.

TERCEIRO.- Conformer a data para a realización das probas de selección o día tres de maio de dous mil vinte e tres (03/05/2023), ás nove horas (9,00 horas) no edificio municipal de usos múltiples de Coirós de Arriba.”

En cumprimento do establecido na Base 7 das que rexen este proceso, expónse ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Coirós e na páxina web do mesmo (concellocoiros.es) este anuncio para que, no prazo de cinco días naturais as persoas interesadas que o consideren oportuno procedan a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas

O ALCALDE

En Concello de Coirós, xoves 20 de abril de 2023

O Alcalde/Presidente

Francisco Quintela Requeijo